<p>Métodos de medición de tempos de traballo.</p> <p>Carreira profesional nas empresas de aloxamento.</p> <p>Plan de acollemento: obxectivos.</p> <p>Manuais de acollemento do persoal de nova incorporación por áreas ou departamentos.</p> <p>Deseño de programas de adaptación. Adecuación da persoa ao posto de traballo.</p> <p>Programas de formación.</p> <p>Deseño de programas de formación.</p> <p>Formación no posto de traballo: rotación, aprendizaxe, etc.</p> <p>Métodos de formación na empresa ou fóra dela.</p> <p>Sistema retributivo: principios básicos; retribución fixa e variable.</p> <p>Avaliación do rendemento: métodos obxectivos e subxectivos.</p> <p>Produtividade e rendemento.</p>



**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
¿CÓMO INCORPORAMOS A UN NOVO EMPREGADO NA EMPRESA? - Qué é un plan de acollida para que serve, manual de acollida	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre a importancia da integración do novo persoal á empresa</li> <li>Segundo os tipos de empresa de aloxamento do futuro proxecto dos alumnos cunhas características concretas, pide os alumnos que deseñen un manual de acollemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Valorar a importancia dos métodos de integración para o persoal de nova incorporación</li> <li>Deseña un manual de acollemento e preséntao na clase</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mapa conceptual sobre integración</li> <li>Traballo de exposición dun manual de acollemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra, Multimedia: Internet, videos, power point, pizarra</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exame</li> <li>PE.3 - Traballo</li> <li>PE.4 - Exame</li> <li>PE.5 - Exame</li> </ul>	4,0
¿PARA QUÉ FORMAR OS NOVOS EMPREGADOS? - Obxetivos da formación e métodos máis utilizados	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da formación nas empresas turísticas: características, tendencias actuais, finalidade etc.</li> <li>Entrega dun caso práctico dun hotel cunhas características concretas (nº de cuartos, nº de empregados, fixos, temporais, etc.) para a realización dun plan de formación</li> <li>Presentación de videos e actividades de role play e dinámicas de grupo sobre novas tendencias de formación: coaching</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asimilación de Contidos</li> <li>Elaboración dun plan de formación para levar a cabo ó longo dun ano, especificando qué cursos, cando e a quen van dirixidos</li> <li>Visionado de videos e participar activamente nas dinámicas de grupo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquema da unidade</li> <li>Traballo plan de formación de unha empresa</li> <li>Complementar contidos da unidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra, Cañón, Internet, Multimedia, casos prácticos, follas de actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Estudio de casos</li> </ul>	5,0
¿QUÉ SIGNIFICA PLANIFICAR A CARREIRA PROFESIONAL? - Concepto de Carreira profesional, forma de planificar en empresas líderes do sector	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación da actividade visionado "El secreto de mi éxito" .</li> <li>Introducción a unidade a través de preguntas sobre conceptos básicos: carreira profesional, techo de cristal, obsolescencia de habilidades ...</li> <li>Entrega de lectura sobre como xestionar as principais cadeas hoteleiras do país o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Visionado da película e resposta de cuestións sobre desenvolvemento de carreira profesional</li> <li>Participación na resposta das cuestións.</li> <li>Lectura e conclusións sobre a carreira profesional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aflorar interese pola unidade</li> <li>Síntese de conceptos básicos a saber sobre desenvolvemento de carreira profesional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra, Video, Cañón, Apuntes, Follas de actividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Cuestións de lecturas</li> </ul>	4,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	desenvolvemento de carreira profesional dos seus empregados					
¿CÓMO SABER SI UN EMPLEADO FUNCIONA E COMO RECOÑECERLLE O SEU TRABALLO?	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos recursos máis utilizados nas empresas para avaliar o desempeño dos traballadores</li> <li>• Entrega de noticia ou lectura sobre sistemas de recompensa os empregados</li> <li>• Entrega de actividade e explicación dos distintos tipos de incentivos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asimilación de contidos</li> <li>• Lectura e responder a cuestións. Debate en grupo</li> <li>• Asimilación de contidos e resolución de actividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Síntese de contidos</li> <li>• Debate e cuestións resoltas</li> <li>• Actividade resolta, complementar contidos da unidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes, pizarra, lectura, internet, vídeos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Traballo de investigación</li> <li>• PE.6 - Exame</li> <li>• PE.7 - Exame</li> <li>• PE.8 - Exame</li> <li>• PE.9 - Exame</li> <li>• PE.10 - Traballo e práctica na aula</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>16,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A DIRECCION E XESTION DOS EQUIPOS HUMANOS	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Integra o persoal dependente na estrutura organizativa do establecemento turístico, para o que recoñece e aplica as ferramentas de xestión de persoal.	NO
RA4 - Dirixe o persoal dependente, para o que recoñece e aplica técnicas de dirección de persoal.	NO

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 COÑECER SISTEMAS DE LIDERADO 1.2 VALORAR A IMPORTANCIA DA FIGURA DO LÍDER COMO ENCARGADO DA BOA XESTIÓN DE PERSOAS 1.3 IDENTIFICAR OS ELEMENTOS QUE CAUSAN NOS EMPREGADOS MOTIVACIÓN E DESMOTIVACIÓN 1.4 DESCRIBIR AS TÉCNICAS DE DIRECCIÓN DE EQUIPOS: COMUNICACIÓN, RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS, ETC...	1	A XESTIÓN DE EQUIPOS DE PERSOAS	12,0
<b>TOTAL</b>			<b>12</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Identifícanse técnicas de motivación.	• PE.1 - Examen	S	15
CA3.9 Caracterízanse os elementos determinantes da motivación e da desmotivación do posto de traballo.	• PE.2 - Examen	S	10
CA3.10 Aplicáronse técnicas para a comunicación entre grupos como medida de motivación: delegación de autoridade, iniciativa persoal, creatividade e responsabilidade.	• OU.1 - Casos	S	10
CA4.2 Xustificouse a figura da persoa directiva e líder da organización.	• PE.3 - Examen	S	15
CA4.3 Caracterízanse as normas de dirección de equipos.	• TO.1 - Role play	S	10
CA4.4 Explicouse a secuencia lóxica dos procesos de toma de decisións e as súas implicacións.	• OU.2 - Resolución de supostos prácticos	S	10
CA4.5 Descríbense as técnicas de dirección e de dinamización de equipos e de reunións de traballo aplicables ao departamento ou á área.	• TO.2 - Role play	S	10
CA4.6 Definíronse os procesos de motivación do persoal dependente.	• PE.4 - Examen	S	10
CA4.7 Identifícanse procesos e situacións habituais de negociación, no marco do departamento ou da área nos establecementos de aloxamento turístico.	• OU.3 - Resolución de casos	S	10

TOTAL

100

**4.6.e) Contidos**

## Contidos

0Motivación. Deseño de políticas de incentivo á produción.

Identificación das técnicas de dirección.

Ferramentas de xestión de persoal.

Técnicas de comunicación.

Valoración das opinións dos membros do equipo de traballo.

Fomento da participación na achega de ideas, opinións e suxestións do persoal dependente.

Valoración e respecto polas opinións de responsables departamentais.

Motivación: concepto, principios e evolución.

Desmotivación: tedio, fatiga e absentismo.

Factores motivadores e desmotivadores.

Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.

0Resolución de conflitos laborais de carácter circunstancial.

Figura directiva: funcións e responsabilidades.

Xestión de persoal: definición e funcións.

Técnicas de dirección e de dinamización de equipos.

Contidos
Estilos de liderado.
Etapas na toma de decisións.

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A XESTIÓN DE EQUIPOS DE PERSOAS - Sistemas de liderado, a figura do líder, técnicas de motivación, comunicación resolución de conflitos etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entregar material necesario para dinámica estilos de liderado na aula. A clase en grupos será guiada na construción dunha casaña en cartulina segundo o líder de cada grupo que será un líder das tipoloxías existentes</li> <li>Explicación características principais dun directivo ou líder formal e técnicas de dirección de equipos</li> <li>Presentación distintos fragmentos de películas onde se poden observar estilos de liderado .</li> <li>Presentar dinámicas onde podemos observar problemas dunha mala comunicación</li> <li>Presentación dos elementos motivadores e desmota antes para os empregados</li> <li>Presentación de contidos audiovisuais onde queda constancia destes elementos de motivación e desmotivación : lecturas, vídeos cortos etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participará na dinámica uns como líderes e outros como EMPREGADOS</li> <li>Asimilación de contidos</li> <li>Visionado e conclusións</li> <li>Participación activa nas dinámicas</li> <li>Realización de esquema de contidos</li> <li>Lectura ou visionado de distintos elementos e contestación as cuestións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aflorar interese pola unidade</li> <li>Sintese sobre características dun xerente de persoas</li> <li>Complementar e reforzar contidos sobre liderado</li> <li>Valorar a importancia da comunicación</li> <li>Mapa conceptual</li> <li>Reforzo dos contidos sobre motivación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cartulina tesoiras rotuladores folla actividade, internet, vídeos curtos, cañón,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Casos</li> <li>OU.2 - Resolución de supostos prácticos</li> <li>OU.3 - Resolución de casos</li> <li>PE.1 - Examen</li> <li>PE.2 - Examen</li> <li>PE.3 - Examen</li> <li>PE.4 - Examen</li> <li>TO.1 - Role play</li> <li>TO.2 - Role play</li> </ul>	12,0

<b>TOTAL</b>	<b>12,0</b>
--------------	-------------

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	XESTIÓN ADMINISTRATIVA DO PERSOAL	4

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica os recursos humanos, para o que analiza e aplica os sistemas de organización do persoal dependente.	NO
RA3 - Integra o persoal dependente na estrutura organizativa do establecemento turístico, para o que recoñece e aplica as ferramentas de xestión de persoal.	NO

**4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 ELABORAR QUENDAS DO PERSONAL A CARGO DO DEPTO RRHH  1.2 ORGANIZAR VACACIÓNS DO PERSOAL A CARGO  1.3 PLANIFICAR PLANTILLA SEGUNDO OS FACTORES QUE INCIDEN NAS NECESIDADES DE PERSOAL  1.4 VALORAR A IMPORTANCIA DE USAR PROGRAMAS INFORMÁTICOS PROPIOS NA XESTIÓN DO PERSOAL	1	PARTE ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DOS RRHH	4,0

<b>TOTAL</b>	<b>4</b>
--------------	----------

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Definíronse as quendas necesarias para o correcto funcionamento do establecemento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Exercicios de quendas</li> </ul>	S	20
CA1.7 Estableceuse o cuadrante de horarios do persoal dependente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exercicios de horarios</li> </ul>	S	20
CA1.8 Planificouse o calendario de vacacións segundo os obxectivos, os criterios empresariais e as demandas do persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Estudio de casos</li> </ul>	S	20
CA1.9 Operouse con programas informáticos de xestión de persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Utilización de programas informáticos</li> </ul>	S	20
CA3.2 Recoñecéronse os conceptos incluídos nas ferramentas de xestión do persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Exame</li> </ul>	S	20
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.
Planificación de calendarios de vacacións.
Aplicacións informáticas para a xestión do persoal.
Normativa laboral.
Ferramentas da xestión de persoal.
Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.

Contidos
Planificación de calendarios de vacacións.

**4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
PARTE ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DOS RRHH - Elaboración de quendas do persoal, organización das vacacións días libres etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación do traballo de xestión administrativo dos recursos humanos</li> <li>• Explicación na pizarra dos aspectos a ter en conta para a planificación, elaboración de turnos e planificación de vacacións.</li> <li>• Presentación do caso práctico. Hotel 4 estrelas con un nº determinado de traballadores realizar os turnos e vacacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asimilación de contidos</li> <li>• Síntese de contidos</li> <li>• Resolución caso práctico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resumo de contidos</li> <li>• Esquema</li> <li>• Caso práctico resolto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Folla de actividade, pizarra, apuntes, recursos multimedia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Exercicios de quendas</li> <li>• PE.2 - Exercicios de horarios</li> <li>• PE.3 - Estudio de casos</li> <li>• PE.4 - Exame</li> <li>• TO.1 - Utilización de programas informáticos</li> </ul>	4,0
<b>TOTAL</b>						<b>4,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

<p>Os mínimos para acabar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.</p> <p>Para superar o módulo, o alumnado deberá como mínimo acadar os seguintes puntos:</p> <p>Recoñecer as distintas áreas, obxectivos e funcións do departamento de recursos humanos.</p>
---



Coñecer os procesos de recrutamento e definición de postos de traballo.

Identificar os manuais de acollida dunha empresa e coñecer as técnicas e métodos de acollida de persoal.

Identificar as tendencias en formación nos establecementos hoteleiros.

Describir os procesos de xestión do departamento

Coñecer a importancia da figura da dirección en recursos humanos: técnicas de liderado, técnicas de motivación e comunicación de persoal.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. En todo caso a cualificación, de cada unha das probas, deberá ser igual ou superior a 5. Suporán un 70% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 20 % da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe persoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 10.% da cualificación final do módulo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.



En ambos casos realizárase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo recollido na plataforma de elaboración da presente programación

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: ¿Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente¿.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades finais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 ¿De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral¿.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

¿ Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenza-ción entre as persoas.

¿ Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

¿ Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

¿ Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

¿ Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

¿ Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente

presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

¿Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico ¿ práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a distintos hoteis galegos. Nesta visita trataremos de ver a fondo o departamento de recursos humanos, como funciona, cantos empregados ten ¿  
Charla Coloquio dun responsable de recursos humanos. O profesional do sector explicará cales son as súas funcións

## 10.Outros apartados

### 10.1) Recursos humanos no alojamiento

Recursos humanos no alojamiento